

2.1.2 Descubrimiento de América. Termo procedente ou improcedente?

O bloqueio do Mediterráneo tras a toma de Constantinopla (hoxe Istambul) polos turcos obrigou as potencias da Europa occidental a realizaren expedicións marítimas para procurar rutas alternativas. As necesidades comerciais, a mentalidade renacentista (afán de explorar novos territorios), os descubrimentos científicos e técnicos (o astrolabio, o compás, o temón, os portolanos, as carabelas,...) propiciaron o descubrimento de novas terras.

Os portugueses potenciaron dous camiños: a ruta de Guinea e o camiño á India. Os Reis Católicos comezaron a política de conquistas no norte de África e apoiaron o proxecto de Colón, navegar ao Oeste, a través do Atlántico, para chegar ás Indias. Esta aventura levouno a “descubrir” o novo continente. Mais, foi realmente unha descuberta? Hai historiadores que pensan que América xa fora descuberta polos vikingos (Leiv Erikson) e os asiáticos varios séculos antes. O que permitiu Colón foi a súa conquista polos europeos.

Os pobos precolombianos

Cando os europeos chegaron a América, o novo continente xa estaba poboado por prósperas civilizacións, destacando as culturas maia, inca e azteca.



- **Os aztecas** (cultura do millo).
 - Chegaron a México cara ao século XII e formaron un extenso imperio. Establecéronse no lago Texcoco e fundaron alí a súa capital Tenochtitlán.
 - A súa vida baseábase na guerra e no comercio. A guerra tiña como finalidade acrecentar o seu poder económico. Empregaban como moeda produtos de grande valor (cacao, cobre, telas, plumas, ouro, etc.).

- Organizáronse mediante unha monarquía electiva (o tlatoani) e a súa sociedade estaba moi xerarquizada (nobres, sacerdotes, pochtecas ou comerciantes, macehuals ou labregos e artesáns).
- **Os maias:**
 - Cultura formada cara ao século IV. Organizáronse en cidades-estado. Eran de réxime teocrático, pacíficos e dedicados á agricultura. Emigraron cara ao Iucatán, onde foron destruídos antes da chegada dos españois.
 - Organizábanse ao redor da familia. Posuían grandes coñecementos astronómicos e matemáticos. Coñecemos a súa cultura grazas ao Popol Vuh, que recolle as súas tradicións orais.
- **Os incas (cultura da pataca).**
 - Habitantes dos Andes. O seu desenvolvemento comezou no século XV, conquistando todos os pobos do Pacífico en Sudamérica. O imperio, de máis de 3000 quilómetros de lonxitude, abrangía tres vastas rexións: os Andes, as selvas e o deserto. A súa capital era Cuzco, onde se celebraban grandes mercados de patacas, papaías, millo, iuca, tapires, monos, plumas, xoias, ouro, la de alpaca, ...
 - Vivían en casas feitas con barro e o teito de pólas. As familias emparentadas tiñan un patio común onde secaban millo, conxelaban patacas e secaban a carne das llamas. As terras pertencían á comunidade e traballábanas xuntos.
 - O imperio era gobernado polo inca e as súas mensaxes eran propagadas polos chasquis ou mensaxeiros, que corrían polos camiños do imperio e falaban en quechua. O seu principal deus era Viracocha.
 - Cando chegou Francisco Pizarro (1532-1548), Huayna Capac e Atahualpa disputábanse o imperio, enfrontamento que foi aproveitado polos españois para derrotalos.

Unha das consecuencias máis importantes que tivo a entrada de América na historia de Europa foi o inicio dunha auténtica economía mundial. Un exemplo desta nova economía foi o chamado *comercio triangular*, que se realizaba entre Europa, África e América. Os barcos saían de Europa cargados de produtos manufacturados de todo tipo con destino ás colonias de América. Dirixíanse ás costas de África, onde cargaban as bodegas de negros que escravizaban. Ao chegaren a América, vendían os escravos e os produtos manufacturados que traían de Europa e cargaban as bodegas de azucre, tabaco, cacao e metais preciosos con destino aos países europeos.

OS AZTECAS:

Chegaron a México cara ó século XII, formando un extenso imperio. Os seus primeiros poboadores eran coñecidos como "Chichimecas de Aztlán".

Os aztecas chegaron ata o Lago Texcoco e alí, nun illote, viron o sinal dado polo seu deus, Colibrí Zurdo, quen lles ordeara establecerse no lugar onde estivese a agúa pousada sobre unha figueira chumba e esgazando unha serpe. Alí fundaron Tenochtitlán ou México.

A súa vida baseábase na GUERRA e no COMERCIO. A guerra tiña por finalidade acrecentar o seu poder económico. Empregaban como moeda produtos de grande valor: cacao, cobre, telas, plumas, ouro ...

A sociedade azteca estaba dividida en clases sociais: Nobres (a clase principal e ocupada polos cargos da administración pública e a milicia); Sacerdotes (Unha clase moi respetada polos seus coñecementos de relixión, medicina, astronomía e matemáticas); Pochtecas (Os comerciantes, de grande poder económico e político. Eran empregados como espías para oír as conspiracións e guerras); Macehuais (A clase máis numerosa e humilde, formada por labregos e artesáns).

A súa forma de goberno era unha monarquía electiva. O monarca chamábase TLATOANI e elexíase entre os irmáns ou sobriños do rei anterior.

Na relixión tiñan ritos sangrentos: sacrificios dos prisioneiros, mozos e mozas ou autosacrificios. Destaca o seu deus Huitzilopochtli, un deus sanguinario, e o civilizador Quetzalcoalt. Crearon un calendario moi avanzado, mais descoñecían a escritura, aínda que se comunicaban con pictogramas.

O seu imperio foi destruído polos españois de Hernán Cortés na famosa "Noite Triste" no ano 1519.

OS MAIAS:

Cultura formada cara ó século IV. Organizouse en cidades-estado, de rexime teocrático, pacíficas e adicadas á agricultura (Palenque e Copán). Emigraron cara ó Iucatán, onde vivían os nahuas, o que orixinou continuas guerras que provocaron a súa decadencia, xa antes da chegada dos españois.

Organizábanse ó redor da familia. Posuían coñecementos astronómicos, chegando a empregalo cero e a inventar unha complicada escritura xeroglífica. Coñecemos a súa relixión, baseada nas forzas da natureza, como o sol e a lúa, polo POPOL VUH, libro escrito na lingua maia despois da conquista hispánica, no que se recolleron as tradicións orais.

OS INCAS:

Habitantes dos Andes. O seu desenrolo comezou no século XV, conquistando todos os pobos do Pacífico en Sudamérica.




O imperio incluía tres vastas rexións: Os Andes, as selvas e o deserto ardente. A maior parte da súa poboación vivía nas altitudes. Era un imperio de máis de 3.000 kilómetros.

Vivían en casas feitas con barro e o teito de polas moi inclinadas para que a choiva esvarase. As familias emparentadas tiñan un patio común, onde secaban o millo, conxelaban as papas e secaban a carne das llamas. Xuntas formaban un AYLLU. Todos os membros do mesmo traballaban xuntos. Ningunha persoa era dona da terra que traballaba, por iso non podían comprala nin vendela, pertencía á comunidade. Primeiro traballaban as fincas do INCA (o xefe), coas colleitas pagaba ó exército, ós arquitectos e os demais gastos do imperio. Logo traballaban as terras do SOL, é dicir, para a relixión do Estado. Finalmente o resto, que se repartía entre os membros do ayllu. Sempre traballaban xuntos e a este sistema chamóuselle MITA. Non tódalas parcelas eran iguais, senon de acordo co número de persoas da familia. Cando un home casaba dábáselle un TOPO de terra (60 x 50 pasos). Cando nacía un fillo recibían outro e se era filla medio.

Cuzco era a cidade máis importante e a capital, con 150.000 habitantes. Nela celebrábanse mercados, onde se podía atopar: papaias, millo, iuca, carne de llama, de veado, tapires, monos e peixes, ... plumas, xoias, ouro e perfumes ... tecidos e lá da alpaca.

Os seus mensaxeiros eran os chasquis que percorrían o imperio correndo, non podían deterse na carreira e ninguén podía falar con eles. Corrían polos camiños do imperio e transmitían as mensaxes na súa lingua, o quechua. Os curacas comunicaban as leis e noticias do imperio.

Cando chegou Francisco Pizarro, 1532-1548, Huayna Capac e Atahualpa disputábanse o imperio, o que foi aproveitado polos españois para derrotalos. Isto estivo unido ó feito de que os incas creron que Pizarro era Viracocha (o deus sol), que vira para cumprir a súa promesa.

CARACTERÍSTICAS	AZTECAS	MAIAS	INCAS
UBICACIÓN	México. Lago Texcoco Chichimecas de Aztlán 	Península do Iucatán (México, Guatemala, Belice, ...) 	Habitantes dos Andes (Perú, Bolivia, Ecuador, Arxentina, Chile). O imperio incluía tres vastas rexións: Os Andes, as selvas e o deserto ardente. A maior parte da súa poboación vivía nas altitudes. Era un imperio de máis de 3.000 kilómetros. 
CRONOLOXÍA	Chegaron no século XII – XVI. O seu imperio foi destruído polos españois de Hernán Cortés na famosa "Noite Triste" no ano 1519.	Cara ó século IV . Emigraron cara ó Iucatán, onde vivían os nahuas, o que orixinou continuas guerras que provocaron a súa decadencia, xa antes da chegada dos españois.	O seu desenvolvemento comezou no século XV
ORGANIZACIÓN POLÍTICA	Monarquía electiva. O monarca chamábase TLATOANI e elixíase entre os irmáns ou sobriños do rei anterior.	Organizouse en cidades-estado, de rexime teocrático, pacíficas.	A máxima autoridade era o inca. Huayna Capac e Atahualpa disputábanse o imperio cando chegou Pizarro.
ORGANIZACIÓN SOCIAL	PIRÁMIDE SOCIAL AZTECA  Dividida en clases sociais: Nobres (a clase principal e ocupada polos cargos da administración pública e a milicia); Sacerdotes (Unha clase moi respectada polos seus coñecementos de relixión, medicina, astronomía e matemáticas); Pochtecas (Os comerciantes, de grande poder económico e político. Eran empregados como espías para oír	PIRÁMIDE SOCIAL MAYA  Organizábanse ó redor da familia	PIRÁMIDE SOCIAL DE LOS INCAS  Vivían en casas feitas con barro e o teito de polas moi inclinadas para que a choiva esvarase. As familias emparentadas tiñan un patio común, onde secaban o millo, conxelaban as papas e secaban a carne das llamas. Xuntas formaban un AYLLU. Todos os membros do mesmo traballaban xuntos. Ningunha persoa era dona da terra que traballaba, por iso non

	as conspiracións e guerras); Macehuais (A clase máis numerosa e humilde, formada por labregos e artesáns).		podían comprala nin vendela, pertencía á comunidade. Primeiro traballaban as fincas do INCA (o xefe), coas colleitas pagaba ao exército, aos arquitectos e os demais gastos do imperio. Logo traballaban as terras do SOL, é dicir, para a relixión do Estado. Finalmente o resto, que se repartía entre os membros do ayllu. Sempre traballaban xuntos e a este sistema chamóuselle MITA. Non tódalas parcelas eran iguais, senon de acordo co número de persoas da familia. Cando un home casaba dábáselle un TOPO de terra (60 x 50 pasos). Cando nacía un fillo recibían outro e se era filla medio. Os seus mensaxeiros eran os chasquis que percorrían o imperio correndo, non podían deterse na carreira e ninguén podía falar con eles. Corrían polos camiños do imperio e transmitían as mensaxes na súa lingua, o quechua. Os curacas comunicaban as leis e noticias do imperio.
ECONOMÍA	A súa vida baseábase na GUERRA e no COMERCIO. A guerra tiña por finalidade acrecentar o seu poder económico. Empregaban como moeda produtos de grande valor: cacao, cobre, telas, plumas, ouro ...	Adicadas á agricultura (Palenque e Copán). Cultivo do millo, mais tamén do algodón, camote, frixoles, cacao, iuca. Como unidade de cambio utilizaban sobre todo as semillas de cacao e outros materiais como o ouro, a prata, plumas de cores e cunchas de mar.	Cuzco era a cidade máis importante e a capital, con 150.000 habitantes. Nela celebrábanse mercados, onde se podía atopar: papaías, millo, iuca, carne de llama, de veado, tapires, monos e peixes, ... plumas, xoias, ouro e perfumes ... tecidos e lá da alpaca.
RELIXIÓN	Tiñan ritos sanguentos: sacrificios dos prisioneiros, mozos e mozas ou autosacrificos. Destaca o seu deus Huitzilopochtli, un deus sanguinario, e o civilizador Quetzalcoatl.	Baseada nas forzas da natureza, como o sol e a lúa, polo POPOL VUH, libro escrito na lingua maia despois da conquista hispánica, no que se recolleron as tradicións orais.	Eran politeístas, adoraban a un importante número de divindades en ceremonias promovidas polo estado. Deus Viracocha, Pachacamac y Pachamama.
CULTURA e ARTE	Crearón un calendario moi avanzado, mais descoñecían a escritura, aínda que se comunicaban con pictogramas. Cultura do millo	Posuían coñecementos astronómicos, chegando a empregalo cero e a inventar unha complicada escritura xeroglífica. Cultura do millo	Cultura da papa. Civilización moi avanzada en canto a sistemas de fortificacións, coa construción de grandes templos e pirámides, tamén construíron unha grande rede de camiños, canles de regadío... Coñeceron o calendario e substituíron a escritura polos quipus , un sistema de nós e cordas que os incas utilizaban para levar a contabilidade e enviar mensaxes.

La vuelta al mundo de Magallanes y Elcano

El portugués Fernando de Magallanes y el español Juan Sebastián Elcano zarparon de Sevilla un 10 de agosto de 1519 para convertirse en los artífices de la primera expedición marítima en dar la vuelta al mundo

Magallanes

al frente de la expedición



Elcano

10 agosto 1519 — **Sevilla** — **8 septiembre 1522**
SALIDA:
5 navíos
y 237 hombres
dirigidos por Magallanes

LLEGADA:
Vuelta al mundo
completada
14.460 leguas
(80.340 km aprox.)
en 1.125 días



Llegada a Filipinas
Marzo 1521
Tripulación diezmada
a causa del escorbuto

27 abril 1521
Magallanes muere
en combate
contra una tribu
indígena

13 diciembre 1519
Santa Lucía
(actual Río de Janeiro)
Motín reprimido
por Magallanes

Mayo-julio 1521
Sólo el Victoria puede
seguir navegando.
Elcano toma el mando

Octubre/noviembre 1520
Llega al estrecho que llevará su nombre.
Comienza la travesía del Pacífico

Réplica del **Victoria**
la única nave de la flota inicial
que logró completar la travesía

🚢 Pérdida de barco